



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE 410A 2011/10-1
Entidade	CONFRARIA DE PORTO DO SON	
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	<i>Lumbrineris impatiens</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
Ambito do plan	Entre punta Cabeiro e río Sieira.
Subzonas de explotación	Zona A: de punta Cabeiro a punta Sagrada Zona B: de punta Sagrada a punta Magrío Zona C: de punta Castro a Porcalleira Zona D: de Porcalleira a río Sieira

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
-	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾ Si		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
	4	8

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		60									
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾ : de abril ao 31 de outubro											
Modalidade ⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	Setemb	outub	novemb	dec
			X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura ⁽⁶⁾		
Especies	A pé (indiv/mariscador/día)	Embarcación (indiv/mergullador/día)
<i>Lumbrineris impatiens</i>	-	800 (en total)
<i>Arenicola marina</i>	-	
<i>Hediste diversicolor</i>	-	
<i>Diopatra neapolitana</i>	-	

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Peirao de Porto do Son
Puntos de venda	Puntos de venda autorizados

Outras consideracións
Participantes: Non hai ningunha embarcación asociada á confraría de Porto do Son co recurso específico-poliqueto no seu permiso de explotación.
Ampliación: No listado anexo ao plan relaciónanse 4 embarcacións asociadas á confraría de Porto do Son interesadas adicarse á explotación do poliqueto, con 10 tripulantes dos que



unicamente 6 están en posesión da titulación profesional de mergullo que lles habilita para a extracción deste recurso.

Para o ano 2010 aprobouse o primeiro plan de explotación de poliqueto na modalidade de mergullo na confraría de Porto do Son, no que se autorizou a incorporación de 5 embarcacións con 10 cotas que serían seleccionadas conforme ao baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños. O procedemento aberto para a incorporación de embarcacións a este plan quedou deserto.

Ao tratarse dun plan novo considérase conveniente actuar con precaución á hora de fixar o esforzo no primeiro ano de extracción polo que, visto que no plan presentado para o ano 2011 se reduce a 4 o número de embarcacións solicitadas, apróbase a incorporación de 4 embarcacións cun máximo de 8 cotas (2 por embarcación). A selección farase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Días máximos de extracción: Dado que este é un plan de nova creación non dispoñemos de información algunha sobre a posible evolución das zonas de extracción nin das poboacións a explotar de cara a valorar o esforzo que se podería aplicar sobre estes recursos. Isto obríganos a ser cautelosos á hora de propor o esforzo pesqueiro para este primeiro ano. Por isto, non se acepta a proposta de días máximos de extracción deste plan, considerando necesaria a súa limitación a un máximo de 60 días ao ano.

Cotas máximas de captura: O tope de captura queda establecido por **mergullador con dereito a cota enrolado, a bordo e día.**

Xestión da explotación: No plan presentado divídese o ámbito territorial da confraría en catro zonas de extracción, aínda que non determina se serán explotadas de xeito rotativo ou simultaneamente. Recoméndase iniciar esta explotación mediante a rotación de zonas, doada de levar a cabo dado o baixo número de participantes e a amplitude das zonas de extracción propostas.

Puntos de control: Establécese un único punto de control, no peirao de Porto do Son, no que, á chegada das embarcacións, se verificará o cumprimento dos topes de captura. Os responsables do control serán os vixiantes contratados pola confraría. O exceso de captura será inmediatamente devolto ao mar. O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Comercialización: A normativa sanitaria non permite a comercialización nas lonxas de produtos que non sexan susceptibles de consumo humano, polo que non se pode realizar a venda de poliquetos na instalación da lonxa de Porto do Son.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Mergullo: Unha vez rematado o proceso de selección e outorgamento dos permisos, e con anterioridade á primeira solicitude de apertura mensual deberán presentar a documentación dos mergulladores enrolados que contén coa tarxeta de mergullador en vigor. De non ser así serán excluídos da relación da resolución de apertura mensual.

Así mesmo, deberán elaborar o plan de seguridade e presentar a súa aprobación pola autoridade marítima correspondente. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.



CONSELLERÍA DO MAR
XUNTA DE GALICIA
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

